

1. OBXECTO

A campaña " OS 6.000 DE VERÍN " está organizada pola Asociación de Empresarios de Verín (en diante AEVER) (CIF G-32348492), domicilio en C/ Doutor González Prada, nº 5 baixo Verín (Ourense), para promover as vendas nos establecementos integrados en AEVER.

A campaña consistirá no sorteo ante Notario o 24 de decembro de 2025 de 19 cheques:

- ☐ 1 cheque de 2.000 €, debendo gastalo nun mínimo de 10 locais facendo un gasto máximo de 200€ en cada unha.
- ☐ 1 cheque de 1.000€, debendo gastalo nun mínimo de 5 locais tendas ou servizos e máximo 200€ en cada unha.
- ☐ 2 cheques de 500 €, debendo gastalo nun mínimo de 5 locais e máximo de 100€.
- ☐ 5 cheques de 200 €, debendo gastalo nun mínimo de 4 locais e máximo de 50€.
- ☐ 10 cheques de 100 €, debendo gastalo nun mínimo de 2 locais e máximo de 50€.

Os establecementos e locais que participen na campaña, entregarán boletos para participar no sorteo aos clientes que realicen compras do 27 de novembro do 2025 ao 22 de Decembro do 2025. O diñeiro dos cheques deberá ser gastado nos locais e establecementos que participen nesta campaña.



Doctor González Prada N°5. 32600 Verín (Ourense)

Tlfnos: 988 4104289 / 635842742.

www.ccaverin.com, e-mail: info@ccaverin.com




AEVER resérvase o dereito para suspender, aprazar, cancelar ou modificar a duración da promoción en calquera momento anterior á súa finalización, sempre que existan causas que así o xustifiquen. Por idéntica razón, poderá atrasar a data do seu inicio. Calquera cambio nas bases será comunicada á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.

2ª MECÁNICA DO SORTEO

AEVER repartirá un total de 1 talonario con 500 papeletas entre os seus Establecementos asociados que participen nesta campaña, correspondendo 500 a cada un deles, podendo comprar máis talonarios de 100 papeletas polo importe de 5€ cada unha. Cada establecemento determinará a compra mínima a partir da cal entregará a un cliente unha papeleta para participar no sorteo e o número de papeletas que entregará pola compra realizada.

Os clientes cubrirán as papeletas cos seus datos, quedando anuladas aquelas en as que non se cubran todos os datos de contacto (nome, apelidos, DNI e teléfono de contacto) ou os datos nela consignados resultarán intelixibles. Unha vez cubertas serán depositadas na urna que para ese efecto haberá en cada establecemento. Os asociados participantes terán a obriga de levar as papeletas á sede de AEVER durante os dous seguintes días hábiles da data de remate da campaña.

O día 24 pola mañá na sede de AEVER, procederase ao sorteo #ante Notario, extraendo 38 papeletas, a primeira corresponderá aos 2.000€, a segunda aos 1.000€, a terceira e cuarta aos 500€, quinta, sexta, sétima, a oitava e novena aos 200€, a undécima, duodécima, décimo terceira, décimo cuarta, décimo quinta, décimo sexta, décimo sétima, décimo oitava e decimonovena aos 100 €, as 19 seguintes papeletas serán suplentes, que



Doctor González Prada N°5. 32600 Verín (Ourense)

Tlfos: 988 4104289 / 635842742.

www.ccaverin.com, e-mail: info@ccaverin.com





irán suplando aos premiados por orde ascendente dos premios. Só poderán ter 1 premio por participante.

En primeiro momento chamarase ás persoas gañadoras, se non contestasen, chamaranse un máximo de tres veces en intervalos de 2 horas. Se non fose posible contactar con algunha delas seguirase chamando aos titulares das papeletas suplentes seguindo a orde de extracción e utilizando o mesmo procedemento de chamadas, ata obter a aceptación dos premios. Desde que se contacte telefonicamente coas persoas premiadas, estas en un prazo non superior a dous días laborables, deberán presentarse na sede de AEVER (C/ Doutor González Prada Nº 5 – Verín) co fin de identificarse mediante o DNI ou NIE. De non acudir algún dos premiados no prazo indicado, ese premio declararíase deserto. Os premiados terán como máximo para facer uso do premio ata o día 5 de Xaneiro do 2026. Membros de AEVER daránlle un cupón e explicaránlle como utilízalo nos establecementos.

3ª PARTICIPANTES

Poderá participar no sorteo calquera persoa maior de 18 anos.

As persoas asociadas a AEVER poderán participar no sorteo, polas compras que realicen en establecementos dos que non sexan titulares. Non poderán participar no sorteo mediante as papeletas que lle foron asignadas ao seu local, nin os titulares dos locais nin os seus cónxuxes, ascendentes e descendentes, ata primeiro grao (inclusive), nin os seus empregados, de facelo, as papeletas serán anuladas.

As persoas premiadas autorizan a AEVER a publicar os seus nomes e fotografías como gañadoras do sorteo nos medios de comunicación e redes sociais. Os datos persoais dos premiados só serán utilizados por AEVER a efectos publicitarios nos termos descritos, sen proceder á súa cesión ou

Doctor González Prada Nº5. 32600 Verín (Ourense)

Tlfnos: 988 4104289 / 635842742.

www.ccaverin.com, e-mail: info@ccaverin.com



conservación. Terminado o sorteo, procederase á eliminación das papeletas, non conservando AEVER os datos persoais dos participantes.


As persoas interesadas poderán consultar as Bases, en www.ccaverin.com. A participación no sorteo implica a aceptación das súas bases

BASE 4ª: REPERCUSION FISCAL

Quedarán exento de calquera gasto que poida repercutir nos premiados a efectos fiscais.

BASE 5ª: TRATAMENTO DE DATOS

De conformidade coa normativa de protección de datos, AEVER informa que vai proceder ao tratamento dos datos persoais facilitados polos participantes, coa finalidade de xestionar o sorteo e a súa realización nos termos establecidos nestas bases. Unha vez realizado o sorteo destruíranse todas as papeletas.



Doctor González Prada N°5. 32600 Verín (Ourense)

Tlfnos: 988 4104289 / 635842742.

www.ccaverin.com, e-mail: info@ccaverin.com